



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 - 981-134.183

www.fgpatinaxe.com - Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

Convocatoria Campionato Galego de Roller Freestyle 2026

Convocatoria Campionato Galego de Roller Freestyle STREET 2026 - XUNTA DE GALICIA

Por proposta do Comité Galego de Patinaxe Freestyle, e organizado polo Club Unity Blading xunto coa Federación Galega de Patinaxe (FGP), celebrarase o Campionato Galego de Roller Freestyle da tempada 2026, na modalidade de Street, nas categorías feminina e masculina, para as seguintes idades:

Categoría	Idade a cumprir en 2026	Ano de nacemento
Mini	8 anos ou menos	2018 ou posteriores
Benxamín	9-10 anos	2017 - 2016
Alevín	11-12 anos	2015 - 2014
Infantil	13-14 anos	2013 - 2012
Xuvenil	15-16 anos	2011 - 2010
Junior	17-18 anos	2009 - 2008
Senior	19 anos ou máis	2007 - 1997
Máster	30 anos ou máis	1996 ou anteriores

No Campionato Galego poderán participar todos aqueles patinadores e patinadoras que contén con licenza federativa autonómica correspondente á tempada 2026.

A participación está aberta a deportistas doutras Federacións Autonómicas, mais só aqueles/as que teñan licenza galega en vigor poderán optar ao podio oficial.

As categorías convócanse inicialmente de forma independente e sen agrupación previa. Unha vez pechado o prazo de inscrición, e só no caso de non acadarse o mínimo regulamentario de 3 participantes nalgunha delas, o Comité ou o xuíz principal poderá acordar a súa agrupación, reorganización ou desenvolvemento de forma mixta conforme á normativa vixente.



Convocatoria Campionato Galego de Roller Freestyle 2026

1 LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN

O Campionato celebrarase no Skatepark da Cañiza (Pontevedra), Rúa Silleda, s/n, 36880 A Cañiza, o domingo 19 de abril de 2026.

Enlace coa ubicación: <https://maps.app.goo.gl/3fF9gGXnJWANsULo7>

Ao tratarse dunha instalación ao aire libre, o desenvolvemento da xornada dependerá da situación meteorolóxica. Se houberse calquera cambio de día, hora ou orde de competición, publicarase con antelación polos medios oficiais da FGP.

2 NORMATIVA XERAL

Aplicarase o Regulamento de Roller Freestyle vixente, así como as Bases de Competición 2026 da Federación Galega de Patinaxe e todos os comunicados, actualizacións ou indicacións emitidas pola FGP a través do seu Comité Galego de Patinaxe Freestyle (CGF).

Todo o non previsto nesta convocatoria rexerase polo disposto na normativa específica da especialidade, polas Bases de Competición da FGP, polo Regulamento Xeral de Competicións e pola restante normativa federativa que resulte de aplicación.

Formato de competición

Na modalidade de Roller Freestyle, o formato de competición será de **dúas liñas de 45 segundos por cada competidor/a**, debendo realizarse **obrigatoriamente ambas liñas**, sen que exista corte, pase ou eliminación tras a primeira.

Ao remate da segunda liña, realizarase ademais un **best trick final de dous intentos por competidor/a**, que formará parte do desenvolvemento da proba segundo o criterio técnico do equipo arbitral.

En materia de proteccións, será obrigatorio o uso das proteccións mínimas previstas na normativa vixente para Roller Freestyle tanto durante as probas como nos quencementos. En todo caso, deberán empregarse casco, muñequeras, cónbados e xeonlleiras, ademais de calquera outra protección específica esixible segundo a disciplina correspondente.

Os patinadores, adestradores e delegados deberán permanecer nas zonas asignadas para eles, que serán indicadas pola organización e polo xuíz árbitro. O incumprimento reiterado das indicacións dadas poderá dar lugar á correspondente comunicación ao Comité de Disciplina.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 - 981-134.183
www.fgpatinaxe.com - Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Convocatoria Campionato Galego de Roller Freestyle 2026

3 PARTICIPACIÓN E INSCRIPCIÓN

Serán requisitos indispensables para cada patinador/a:

- Ter licenza autonómica en vigor de Patinaxe Freestyle correspondente á tempada 2026.
- Inscribirse na proba e nas modalidades nas que vaia competir a través da intranet da FGP, antes do martes 14 de abril de 2026 ás 23:59 h, sen prexuízo do réxime excepcional de inscrición fóra de prazo previsto nas Bases de Competición 2026.
- Estar comprendido/a entre as idades especificadas para a súa categoría correspondente.
- Cumprir os requisitos técnicos ou de acceso que resulten de aplicación segundo a normativa vixente para cada disciplina.

Os/as patinadores/as dos distintos clubs deberán levar durante as probas, de forma obrigatoria e sen excepcións, a indumentaria oficial do club co que se inscriban, incluíndo a zona de competición, o podio e a zona de quecemento.

No podio non se poderán empregar elementos publicitarios como pancartas, lonas, bandeiras ou mascotas. Só se poderá subir ao podio cos patíns postos nos pés.

4 REUNIÓN PREPARATORIA

Celebrarase 15 minutos antes do inicio oficial da competición, no propio lugar de celebración. O horario exacto publicarase xunto co programa definitivo unha vez pechada a inscrición.

A esta reunión deberán asistir os/as delegados/as dos clubs participantes, debidamente acreditados/as, xunto co xuíz árbitro.

5 PROGRAMA DE COMPETICIÓN ORIENTATIVO

O Campionato Autonómico contemplará as modalidades oficiais de Street, pertencentes á disciplina de Roller Freestyle.

Domingo 19 de abril de 2026

- **15:00** Apertura da instalación e reunión preparatoria.
- Desenvolvemento das probas de Street.
- **18:00** Entrega de premios e fin da competición.

O programa é totalmente orientativo. Os horarios definitivos, a orde das disciplinas e as posibles adaptacións derivadas do número de inscritos/as publicaranse polos medios oficiais da FGP unha vez finalizado o prazo de inscrición.



Convocatoria Campionato Galego de Roller Freestyle 2026

6 INCOMPARENCIAS

Todo/a participante que, despois de formalizar a súa inscrición no Campionato Autonómico, desexe retirarse, deberá comunicalo á Federación Galega de Patinaxe cun mínimo de 48 horas de antelación respecto ao inicio da competición.

A dita retirada só será admitida en casos excepcionais, que deberán ser valorados polo Comité de Competición, previa achega da documentación xustificativa correspondente.

No caso de non cumprir este requisito, poderá abrirse o correspondente expediente sancionador.

7 DISPOSICIÓN FINAIS

- Todos/as os/as patinadores/as deberán presentarse na zona de competición con equipamento completo, en condicións adecuadas e co material de patinaxe en perfecto estado.
- Non se permitirá interromper ao Xuíz Árbitro nin ao equipo arbitral durante o desenvolvemento da competición. Ningún patinador/a, adestrador/a, delegado/a ou membro dun club poderá acceder ou permanecer na zona delimitada como área de competición sen autorización expresa dalgún dos xuíces.
- O incumprimento destas normas poderá derivar nunha sanción disciplinaria posterior.
- O club organizador e a Federación Galega de Patinaxe declinan toda responsabilidade por calquera incidente ou accidente que poida producirse fóra do recinto da competición, incluídos os desprazamentos ou traslados dos/as participantes.

A Coruña, 07 de abril de 2026



Fdo. José Manuel Lago Varela
Comité Galego de Patinaxe Freestyle